

## ÍNDICE

Xavier Queipo. A xelatina dos días. ....15

### Carlos Negro. Coronahaikus

I. ....	25
II. ....	26
III. ....	27
IV. ....	28
V. ....	29
VI. ....	30
VII. ....	31
VIII. ....	32
IX. ....	33
X. ....	34
XI. ....	35
XII. ....	36
XIII. ....	37
XIV. ....	38
XV. ....	39
XVI. ....	40
XVII. ....	41
XVIII. ....	42
XIX. ....	43
XX. ....	44
XXI. ....	45
XXII. ....	46
XXIII. ....	47
XXIV. ....	48
XXV. ....	49
XXVI. ....	50
XXVII. ....	51
XXVIII. ....	52

XXIX. ....	53
XXX. ....	54
XXXI. ....	55
XXXII. ....	56
XXXIII. ....	57
XXXIV. ....	58
XXXV. ....	59
XXXVI. ....	60
XXXVII. ....	61
XXXVIII. ....	62
XXXIX. ....	63
XL. ....	64

#### Vítor Vaqueiro. Quarentena

A palavra final .....	67
Boatos .....	69
Generais .....	70
Doenças .....	72
O sonho .....	74
Lavagem de mãos .....	76
Varandas .....	78
Zoonose, ca. -400 .....	79
A mão oculta .....	81
East 38th Street and Chicago Avenue .....	82

#### Xosé María Álvarez Cáccamo. Poemas do confinamento

Os cervos .....	87
O mar sen motores .....	88
Días para pensar .....	89
Para instalar o novo software .....	90
Ínfimo corpo de morte .....	91

Cando volvamos á rua .....	92
Na xuntanza .....	93
Sobre o chan da agonía .....	94
¿E se esta estraña espera .....	95
Esta rotura súpeta das vísceras .....	96
O emperador .....	97
A peste transparente da pobreza .....	98
Miseria .....	99
Escoitamos o rumor dos números .....	100
Os submisos .....	101
Medran flores no asfalto .....	102
A radiación de fondo do universo .....	103
Remexe unha muller no colector do lixo .....	104
Idiotas cavernícolas .....	105
Virán novas marés .....	106



E fu questa pestilenza di maggior forza per ciò che essa dagli infermi di quella per lo comunicare insieme s'avventava a' sani, non altramenti che faccia il fuoco alle cose secche o unte quando molto gli sono avvicinate. E più avanti ancora ebbe di male: ché non solamente il parlare e l'usare cogli infermi dava a' sani infermità o cagione di comune morte, ma ancora il toccare i panni o qualunque altra cosa da quegli infermi stata tocca o adoperata pareva seco quella cotale infermità nel toccator trasportare.

*Giovanni Boccaccio. Decameron*



LIMAR





## A XELATINA DOS DÍAS

### *DA GRAMÁTICA DO AZAR Á TIRANÍA DA REALIDADE*

Un virus pouco máis é que unha secuencia de material xenético (un texto na fin, composto a partir da combinatoria dun mando de bases nitroxenadas) e unha cuberta 'lipídica' (un pouco de graxa, para entendérmonos). A súa capacidade de diseminarse reproducindo a súa mensaxe escrita nunha gramática particular e sen precedentes e a súa capacidade de prender a súa ancoraxe en certos órganos albo do corpo humano foi o que converteu un feito casual (azaroso) nunha pandemia.

Non é a primeira vez e non será a última que imos sufrir unha situación semellante, será mais ou menos intensa, mais semellante. É complexo entender nunha primeira análise e de xeito racional como un virus xurdido nun animal para nós tan exótico coma un pangolín<sup>1</sup> (se cadra foi outro como o morcego, non imos discutir agora) propiciou este macro-experimento sociolóxico. E así foi como desenvolvemos como individuos, tribos diferenciadas e humanidade no seu conxunto (ou case), unha incapacidade (asumida como unha eiva na nosa instrución, na nosa educación, na nosa cultura) para entender este encerro/confinamento inaudito, sen precedentes coñecidos, que semella unha discontinuidade na nosa historia. Falo non só da historia en maiúsculas, senón da intra-historia de cada comunidade (tribo, estirpe,

---

1 Se cadra un día liberamos ao pangolín ou ao morcego dese estigma, mais cando escribo este micro-ensaio heteróclito, el é o candidato mellor situado para se converter no primeiro hóspede que transmitiu esta zoonose a un ser humano. Disque na China, tamén se cadra co paso dos anos e as investigacións descóbrense que nin o pangolín nin a China, nin tan sequera os morcegos, son os primeiros pasos desta pandemia maldita da que aínda non se coñecen nin os mortos nin os afectados reais ou potenciais, da que aínda non se sabe se vai continuar o seu regueiro de mortes noutras partes do mundo hoxe menos afectadas ou vai rebrotar no Hemisferio Norte cando entre o outono.

etnia, sociedade, agrupamento), e tamén, por descontado, da experiencia persoal, íntima, probabelmente intransferíbel/incontábel como vivencia no que ten, na meirande parte dos casos, de epifanía, de caos inesperado e absurdo, de nebulosa ou buraco negro na percepción de cadaquén.

Esa gramática do azar, da secuencia xenética inaudita, da transmisión casual dun becho a unha persoa (home ou muller, tanto ten, cando falamos da inseminación príncipe neste proceso caótico), foi a que levou—globalización liberal por diante— á tiranía dunha realidade que pasou ben por riba das nosas expectativas.

Durante e despois do inicio da crise (eufemismo) xurdiu unha cacofonía de voces, un batifondo de ruído enxordecedor, unha marea de información, dende a ben intencionada dos profesionais da epidemioloxía, que partían da especulación (normal na construción de teses propias dos científicos, o método hipotético dedutivo, antes de se pór de acordo entre eles a prol do deseño experimental para descubrir a causalidade) até o rudo discurso militar no que todo son certezas, inmovilismo e planificación fría sen a máis mínima compoñente de empatía. Varias veces vin nas pantallas do televisor a un meu profesor catedrático de Hixiene, triste de vez mais transmitindo o seu coñecemento en pequenas doses para consumo das masas ávidas de entender máis que de saber, de procurar certezas inmediatas antes que asumir que o azar xoga un rol fundamental na vida dos virus, dos contaxios, das desordes que eles carrexan.

E no remuíño deste magma de información verdadeira e falsa (ás veces de difícil catalogación ou de presunción dupla), cadaquén intentando construír novas rutinas, descubrindo a complexidade (ou a simplicidade) das súas relacións íntimas, da súa interacción social, dos

seus sentimentos altruístas ou xenófobos, dogmáticos ou abertos á empatía que agroma cando o diálogo é iso, diálogo, e non unha guerra de trincheiras para conservar as posicións, para avanzar destruíndo, para morrer, se fose necesario, por unha causa ou pola perpetuación dos privilexios que constitúen –en definitiva- o poder.

E no medio desta cacofonía, desta enxurrada de información (onde se atopa a verdade?), desta confusión e deste caos, xorden tres mosqueteiros que mudan a espada pola pluma dos seus sombreiros de aba ancha e transforman a arte da esgrima para mudala de ritual clasista en esgrima gramatical, defendendo así á estirpe que os criou, que fixo deles seres adultos e autónomos. Como eremitas retornados ás súas covas do deserto (neste caso ficticias) foron producindo reflexións aceiradas, salmos, metáforas e alegorías, pequenos poemas cal espiñas dunha coroa de sufrimentos e eivas descubertas, mais tamén de iluminación e aprendizaxe (que na fin son etapas da madurez persoal). Eses tres mosqueteiros, eremitas ou simplemente cidadáns libres son neste caso Vítor Vaqueiro, Xosé María Álvarez Cáccamo e Carlos Negro, un trío de ases nos que un pode confiar (palabra de D'Artagnan).

### *IGNOMINIA, RESILIENCIA E LABIRINTO*

Se cadra foron estas tres as verbas que máis utilicei nas miñas reflexións –algunhas públicas, outras inéditas<sup>2</sup>- sobre a pandemia.

---

2 Poden consultar as varias columnas de opinión no diario “Nós” (<https://www.nosdiario.gal/rss/author/xavier-queipo>), ou se aínda teñen curiosidade estas outras dúas entregas en revistas dixitais estranxeiras: <https://www.passager-books.com/pandemic-diaries/> <https://www.spreadstoriesnotthevirus.com/post/brussels-a-hedra-no-seu-labirinto-the-ivy-in-its-maze>)

Ignominia<sup>3</sup> foi negarnos a liberdade de entrar e saír das nosas casas, manernos pechados coma se fóramos animais sospeitosos, arredarnos dos próximos, negarnos a calor dos aloumiños, converternos en seres submisos que, por riba, non saben que o son. Ignominia foi tamén a ausencia de empatía para cos vellos, o desleixo mol dunha maioría que ficou nos seus *estofos* triscando pizza e consumindo as ofertas do Netflix. Neste libro e nos que virán, está precisamente o antídoto contra esa ignominia institucional, contra esa inxustiza estrutural, contra esa lasitude social, a declaración perenne da vontade de ser, de existir, de expresarse e facer desa escrita unha revolta contra a iniquidade e a barbarie ética.

Resiliencia a destes escritores de estirpe, que cal hedras avanzan en espiral camiño da luz, apegados a unha lingua que lles é propia, a unha estética que resulta necesaria, a da defensa da liberdade creativa, a da dignificación da lingua de noso e a aposta pola rebeldía que supón abrírnos o mundo das súas querenzas diferenciadas e a súa conciencia social. A necesidade de escribir, de amosar o seu interno levados pola desmesura do reto diario de aguantar, de reflexionar sobre o que está a acontecer e o que logo virá como resaca triste desta situación sen precedentes. Dándonos, de xeito consciente e solidario, o que de bo hai nesta experiencia maligna, tenebrosa, insulto á razón e privación do albedrío. Declarar nesta xeira escura a vontade de vivir, de ler con ou sen acougo,

---

3 Ignominia é se cadra palabra excesiva na súa rotundidade para definir a necesidade do encerro, mais xusta se matizada en cada unha das situacións concretas. O encerro/confinamento foi considerado como necesario, mais a súa aplicación á totalidade do territorio do estado español independentemente da dispersión da poboación ou da masa crítica de contaxios e interaccións foi se cadra en exceso homoxénea. Noutros países europeos como Suecia ou Bélxica adoptáronse medidas máis laxas e non por iso menos efectivas. Do que non me cabe dúbida de que as normas de exclusión de auxilio para cos nosos maiores foron ignominiosas.

de escribir, de perseverar na poesía, na narración íntima, de procurar a esencia da vida e do combate cotiá.

Labirinto como metáfora simple mais efectiva, pois esta situación inaudita é coma un labirinto, o da soidade, o da rebeldía, o da preguiza, o da indefinición, o da negación, o da culpa, sempre a culpa que regresa como unha eiva herdada, como algo que non ten curación posíbel, que pexa o carácter e a manifestación privada e pública, que anula o eu interior, tanto ten o que o eu interior signifique na súa concepción do mundo –do de cada un deles- ou na concepción dos outros (incluídos os lectores destas páxinas).

De súpeto foi o día no que o deserto entrou na vila ou que a vila se converteu nun deserto, sen xente, sen tráfico, sen lugares onde pousar, en toda a volta, a ollada de náufrago. Nas casas, reclusos nos seus labirintos de paixóns, eles tres e milleiros de persoas transmutadas en Minotauros, soñan coa fin deste pesadelo, con ter algo que celebrar, con atopar a saída do dédalo de corredores e saír –renovados- á luz do día. Eu son coma todos eles, aquí no meu labirinto, debullando a xelatina dos días.

#### *CELEBRACIÓN DA ESCRITA*

A escrita con tinta de choco ou de cogomelo macerado, como arma letal para contornar o estado de incerteza en que nos atopamos como individuos, como sociedade, como Humanidade. E nesta superación aparece o concepto moderno de heroísmo, que non é o de Teseo, o de Aquiles ou o de Hércules, nin tan sequera o daqueles que fan o seu traballo en primeira liña de combate. O heroísmo moderno é o combate diario contra a homoxeneización, a vindicación permanente da diferenza, da singularidade nun mundo que aspira a nos integrar a todos nuns esquemas estandarizados. Por iso é tan importante a

creatividade como manifestación non só da singularidade individual senón tamén como expresión da variabilidade, da diferenza entendida como liberdade de pensamento, de opinión, de expresión.

Hai uns anos, e ven a fío do heroísmo, da pandemia, da celebración da diferenza, das relacións humanas, escribín unha novela, ‘Dragona’<sup>4</sup> que, se cadra de xeito anticipado, falaba destes temas pois describía as vivencias dun mando de personaxes que paseaban a súa diferenza, cada un no seu labirinto de contradicións, nunha cidade afastada e triste, sumidoiro de todas as doenzas do mundo. Falaba de arquitectar ‘zonas de conforto’, de construír (ou reconstruír) rutinas, de procurar un equilibrio inestábel da psique no ecosistema que nos tocou vivir e no que imos construíndo arredor de nós, pois para canear as psicoses compre non ter unha vida senón varias, que é o que en definitiva temos os escritores.

Dicía Beckett, que todos nacemos tolos, estraños á realidade dun mundo que non é o noso mundo líquido da matriz e algúns persisten (persistimos) nesa condición de soñadores, tal adoita ser o caso dos escritores. O abraio que eles atopan na súa capacidade de respirar, de amar, de pensar, de crear, na combinatoria de signos limitados, todo un universo de sensacións. Esa capacidade para escoitar a natureza (que outra cousa senón é o abraio pola natureza, a esencia mesma dos haikus que nos presenta Carlos cunha dose saudábel de contención), de deixar o pensamento seguir o seu curso, ás veces revoltado (ese fluír do pensamento reflexivo na prosa de Vítor) ou deixar a imaxinación vagabundear seguindo as propias intuicións até decantar unhas liñas de forza/versos que axudan a desentrañar as paixóns (que é o que con mestría de poeta nos presenta Xosé María).

---

4 ‘Dragona’, Edicións Xerais de Galicia, Vigo 2007

Na súa reclusión/encerro/confinamento, escollan etiqueta ou vivan na indefinición do uso alternativo, Carlos, Vítor e Xosé María fixeron o que os escritores facemos como característica máis sobranceira da nosa actividade: soñar. Agora é a quenda dos lectores, a de celebrar e interpretar se fora de gusto o resultado deses soños, desa escrita baixo estado de sitio, desa manifestación de liberdade, de resiliencia, de paixón creadora, de loita permanente contra a futilidade.

E se este libro fora un virus, reproducindo a súa mensaxe escrita nunha gramática particular e sen precedentes, e se tivera a capacidade de ancorar nas mentes dos que o len, se cadra por azar, e se estes o transmitiran a outros por contaxio, non sería o feito azaroso de se xuntar estes tres autores un bálsamo contra a desmesura da situación vivida, un alicerce para outras entregas e outras visións do mundo.

Xa saben, ‘quen nos dera balbordo!’ (proclama Carlos), ‘na soidade das noites obstinadas’ (reflexiona Vítor), mais ‘para os beixos usen máscara’ (anuncia Xosé María).

Contamínense de Xosé María, de Carlos e de Vítor, celebren a escrita sen fronteiras. Contemplan o por-dosol, respiren conscientemente e sigan as súas intuicións mentres reflexionan no que aquí leron e no que se atopan nos corredores do seu labirinto propio, Minotauros, bestas ilustradas debullando a xelatina dos días.

*Xavier Queipo, Bruxelas, Xuño 2020*